

ESTATÍSTICAS

EN MATERIA DE
ECONOMÍA SOCIAL

2023



XUNTA
DE GALICIA



© Xunta de Galicia. Estatísticas en materia de economía social do ano 2023

Edición:

Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social.

Santiago de Compostela. Ano: 2024

URL: [Estadísticas en materia de economía social - Consellería de Empleo, Comercio y Emigración \(xunta.gal\)](https://xunta.gal/estadisticas-en-materia-de-economia-social-conselleria-de-empleo-comercio-y-emigracion)

Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución.CompartirIguual 4.0

España de Creative Commons. Para ver unha copia da licenza, visite:

<http://creativecommons.org/licenses/by/4.0/es/deed.es>

Estatísticas en materia de economía social

2023

Cooperativas

Sociedades laborais

Centros especiais de emprego

Índice

Sociedades cooperativas	5
Sociedades laborais	13
Centros especiais de emprego.....	24

Sociedades cooperativas

Sociedades cooperativas

O obxectivo desta actividade é coñecer a estrutura e a localización das sociedades cooperativas constituídas no ano 2023 no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, tomando como variables de referencia a súa clase, a actividade económica, o ámbito territorial e a composición do grupo promotor.

Definición

A cooperativa é unha sociedade de capital variable que, con estrutura e xestión democrática, en réxime de libre adhesión e baixa voluntaria, desenvolve unha empresa de propiedade conxunta, a través do exercicio de actividades socioeconómicas, para prestar servizos e para satisfacer necesidades e aspiracións das súas persoas socias, e en interese pola comunidade, mediante a participación activa deles, e distribúe os resultados en función da actividade cooperativizada.

Normativa e organización

A Comunidade Autónoma galega ten competencia exclusiva en materia de cooperativas, en virtude da transferencia feita pola Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro (BOE nº 310, do 28 de decembro), que ampliou a competencia orixinaria recollida no artigo 28.7 do Estatuto de autonomía de Galicia.

Normativa de aplicación

- ✓ Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia.
- ✓ Lei 6/2016, do 4 de maio, da economía social de Galicia.
- ✓ Decreto 25/2001, do 18 de xaneiro, polo que se regula a organización e o funcionamento do Consello Galego de Cooperativas.
- ✓ Decreto 430/2001, do 18 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Cooperativas de Galicia.
- ✓ Decreto 248/2004, do 14 de outubro, polo que se regulan os procedementos de conciliación e arbitraje cooperativa.
- ✓ Lei 20/1990, do 19 de decembro, de réxime fiscal das cooperativas.
- ✓ Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

Organización

O Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, dispón no seu artigo 43.1.b) que lle corresponde á Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social a planificación, a coordinación, a execución e o control das competencias da Comunidade Autónoma en materia de cooperativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego e empresas de inserción e as relacións coas súas organizacións representativas, así como a promoción e o fomento da economía social, sen prexuízo das competencias doutras consellerías en materias relativas ás distintas tipoloxías de entidades.

O artigo 46.1.a) do Decreto 147/2024 establece que lle corresponde á Subdirección Xeral de Economía Social, baixo a inmediata dependencia xerárquica da persoa titular da Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social, a planificación, a coordinación, a execución e o control das competencias da Comunidade Autónoma en materia de cooperativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego e empresas de inserción e as relacións coas súas organizacións representativas, así como a promoción e o fomento da economía social, sen prexuízo das competencias doutras consellerías en materias relativas ás distintas tipoloxías de entidades.

Mediante o Decreto 430/2001, do 18 de decembro, aprobouse o Regulamento do Rexistro de Cooperativas de Galicia.

As características, as competencias e as funcións do Rexistro de Cooperativas de Galicia regúlanse nos artigos 97 e 98 da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, modificados pola disposición derradeira primeira da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia. Segundo estes artigos, o Rexistro de Cooperativas de Galicia é un rexistro xurídico público dependente da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, adscrito á consellería competente en materia de emprego.

As funcións do Rexistro de Cooperativas de Galicia son as seguintes

- a) Cualificar, inscribir e certificar os actos aos que se refire a Lei de cooperativas de Galicia.
- b) Habilitar e legalizar os libros obrigatorios das entidades cooperativas.
- c) Recibir o depósito das contas anuais, así como a certificación acreditativa do número de persoas socias no peche do exercicio económico.
- d) Nomear auditores ou auditoras e outros expertos ou expertas independentes, por solicitude das entidades cooperativas e por conta destas.
- e) Calquera outra atribuída pola Lei de cooperativas ou polas súas normas de desenvolvemento.

A sede do Rexistro de Cooperativas de Galicia, adscrita aos servizos centrais da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, resulta competente sobre as cooperativas de ámbito superior ao dunha provincia que realicen principal e

maioritariamente a súa actividade cooperativizada coas súas persoas socias dentro do territorio da Comunidade Autónoma. Tamén será competente respecto das cooperativas de crédito e seguros, cooperativas de segundo grao e asociacións de cooperativas.

As sedes do Rexistro de Cooperativas de Galicia adscritas ás xefaturas territoriais da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración son competentes respecto das restantes clases de cooperativas nas que o ámbito territorial onde desenvolvan as súas actividades cooperativizadas coas súas persoas socias non sexa superior ao da respectiva provincia.

No referente ás asociacións de cooperativas, as principais funcións que se desenvolven neste campo son a cualificación, inscrición e certificación dos actos das asociacións que deben acceder ao Rexistro de Cooperativas, entre os que cabe indicar a inscrición do depósito da escritura pública de constitución ou de modificacións estatutarias e o depósito de contas.

O Rexistro de Cooperativas de Galicia ten atribuídas as competencias sobre todas as asociacións de cooperativas galegas.

Ademais, a Subdirección Xeral de Economía Social realiza tamén as seguintes funcións:

- ✓ Informar e asesorar en materia cooperativa e de empresas de economía social, así como o impulso das relacións intercooperativas.
- ✓ Planificar, xestionar e controlar as axudas ás cooperativas e ás súas asociacións.
- ✓ Executar os programas de promoción e divulgación do cooperativismo e doutras formas de economía social.
- ✓ Elaborar as estatísticas, realizar e coordinar os estudos sobre cooperativas e empresas de economía social.

Datos estadísticos

Nos seguintes cadros reflíctense os resultados do ano 2023 que figuran nos rexistros provinciais e no Rexistro Central da Comunidade Autónoma de Galicia, con expresión de:


- ✓ Cooperativas constituídas e número de persoas socias promotoras nos rexistros provinciais e no Rexistro Central de Cooperativas, segundo o sexo e a personalidade xurídica. Esta información vai ilustrada con:
 - Gráfico da distribución porcentual das cooperativas constituídas segundo o ámbito territorial.
 - Gráfico da distribución das persoas socias promotoras por sexo e personalidade xurídica segundo o ámbito territorial.
- ✓ Cooperativas constituídas e número de persoas socias promotoras nos rexistros provinciais e no Rexistro Central, segundo a clase de cooperativa.
- ✓ Cooperativas constituídas e número de persoas socias promotoras nos rexistros provinciais e no Rexistro Central, clasificadas pola súa actividade económica.
- ✓ Gráficos de evolución referidos a cooperativas inscritas e número de persoas socias promotoras destas, do período comprendido entre o ano 2013 e o 2023, por provincias.

Cooperativas constituídas e número de persoas socias promotoras no Rexistro de Cooperativas de Galicia, segundo o sexo e personalidade xurídica. Ano 2023

Provincia	Cooperativas inscritas	Homes	Mulleres	Persoas xurídicas	Total de persoas socias
A Coruña	41	59	70	0	129
Lugo	3	2	4	0	6
Ourense	15	20	12	0	32
Pontevedra	70	90	66	0	156
Rex. Central	9	64	44	3	111
Totais	138	235	196	3	434

Distribución porcentual das cooperativas inscritas segundo o ámbito territorial

Cooperativas inscritas



Número de persoas socias promotoras das cooperativas inscritas, segundo o ámbito territorial e desagregado por sexo e personalidade xurídica. Ano 2023



Cooperativas constituídas e número de persoas socias promotoras no Rexistro de Cooperativas de Galicia, segundo a clase de cooperativa. Ano 2023

	REXISTRO DE COOPERATIVAS DE GALICIA										TOTAL	
	A CORUÑA		LUGO		OURENSE		PONTEVEDRA		CENTRAL		Núm. de coop.	Persoas socias
	Núm. de coop.	Persoas socias	Núm. de coop.	Persoas socias	Núm. de coop.	Persoas socias	Núm. de coop.	Persoas socias	Núm. de coop.	Persoas socias		
Agrarias											1	30
Consumidores e usuarios	1	5					1	7	1	50	3	62
Ensino											0	0
Ensino-traballo asociado											0	0
Explotación comunitaria da terra	1	3									1	3
Mar											0	0
Mixtas traballo asociado											0	0
Sanitarias de traballo asociado											0	0
Servizos									1	3	1	3
Servizos-traballo asociado											0	0
Traballo asociado	27	59	3	6	12	25	57	122	5	14	104	226
Transportistas									1	14	1	14
Transportistas-traballo asociado											0	0
Vivenda	6	38									6	38
Crédito											0	0
Integración social											0	0
Xuvenil-explotación comunitaria da terra											0	0
Xuvenil-traballo asociado	6	24			3	7	12	27			21	58
Segundo grao											0	0
TOTAL	41	129	3	6	15	32	70	156	9	111	138	434



Cooperativas constituídas e número de persoas socias promotoras no Rexistro de Cooperativas de Galicia, pola súa actividade económica. Ano 2023

Actividade	A CORUÑA		LUGO		OURENSE		PONTEVEDRA		REX. CENTRAL		TOTAL	
	Coop.	Persoas socias	Coop.	Persoas socias	Coop.	Persoas socias	Coop.	Persoas socias	Coop.	Persoas socias	Coop.	Persoas socias
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	3	12					1	3	1	30	5	45
Industrias extractivas											0	0
Industrias manufactureira	3	6					6	13			9	19
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	1	5							1	50	2	55
Subministración de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación												
Construción	7	40			3	6	2	4			12	50
Comercio por xunto e polo miúdo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	4	8			1	2	16	35			21	45
Transporte e almacenamento							3	6	1	14	4	20
Hostalería	3	8	2	4	2	4	12	27	1	2	20	45
Información e comunicación	5	15	1	2			2	4	2	6	10	27
Actividades financeiras e de seguros												
Actividades inmobiliarias							1	3			1	3
Actividades profesionais, científicas e técnicas	8	16			1	2	6	12			15	30
Actividades administrativas e servizos auxiliares	1	5					3	6			4	11
Administración pública e defensa e seguridade social obrigatoria												
Educación	3	6					5	10			8	16
Actividades sanitarias e de servizos sociais					2	4	3	12	1	2	6	18
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	1	2			6	14	4	9	2	7	13	32
Outros servizos	2	6					6	12			8	18
Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio											0	0
Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais											0	0
TOTAL	41	129	3	6	15	32	70	156	9	111	138	434

Distribución territorial das cooperativas constituídas no período 2013-2023

ANO	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra	
	Coop.	Socios	Coop.	Socios	Coop.	Socios	Coop.	Socios
2013	25	287	12	42	5	36	22	78
2014	26	180	18	183	6	27	19	105
2015	23	101	10	34	4	19	30	151
2016	17	101	7	23	5	17	22	76
2017	15	92	5	21	3	10	18	68
2018	22	93	4	10	15	49	31	93
2019	44	333	8	20	9	19	49	241
2020	25	75	7	19	11	23	55	138
2021	41	139	4	9	21	48	70	252
2022	37	159	15	34	16	48	75	307
2023	45	138	5	23	15	32	73	241

Distribución territorial das persoas socias promotoras no período 2013-2023





Sociedades laborais

Sociedades laborais

O obxectivo desta actividade é o de coñecer a estrutura e a localización das sociedades laborais que se cualificaron como tales no ano 2023 no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, tomando como variables de referencia a súa actividade económica e a composición do grupo promotor, así como aquelas que foron descualificadas.

Definición

As sociedades laborais son aquelas sociedades anónimas ou de responsabilidade limitada nas que a maioría do capital social é propiedade de traballadores que prestan nelas servizos retribuídos en forma persoal e directa, cunha relación laboral indefinida, de conformidade coa Lei 44/2015, do 14 de outubro, de sociedades laborais e participadas.

Normativa e organización

As principais funcións que se desenvolven neste campo son a cualificación, a inscrición e a certificación da condición de sociedades laborais para os efectos administrativos. O dito trámite ten carácter previo á súa inscrición no correspondente rexistro mercantil, e son as inscricións máis frecuentes as de constitución, a declaración de que a modificación estatutaria non afecta a súa cualificación como laboral e a anulación e baixa no rexistro.

Para a súa realización cóntase cun rexistro administrativo, o cal no período ao que se refire este informe estaba adscrito á Secretaría Xeral de Emprego, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, con competencia sobre as sociedades laborais que teñan o seu domicilio social na Comunidade Autónoma de Galicia.

Normativa de aplicación

- ✓ Real decreto 1456/1989, do 1 de decembro, sobre o traspaso de funcións da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cualificación e rexistro administrativo de sociedades anónimas laborais.
- ✓ Lei 44/2015, do 14 de outubro, de sociedades laborais e participadas.
- ✓ Real decreto 2114/1998, do 2 de outubro, sobre Rexistro Administrativo de Sociedades Laborais.
- ✓ Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería Emprego, Comercio e Emigración.

Organización

O Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, dispón no seu artigo 43.1.b) que lle corresponde á Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social a planificación, a coordinación, a execución e o control das competencias da Comunidade Autónoma en materia de cooperativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego e empresas de inserción e as relacións coas súas organizacións representativas, así como a promoción e o fomento da economía social, sen prexuízo das competencias doutras consellerías en materias relativas ás distintas tipoloxías de entidades.

O artigo 46.1.a) do Decreto 147/2024 establece que lle corresponde á Subdirección Xeral de Economía Social, baixo a inmediata dependencia xerárquica da persoa titular da Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social, a planificación, a coordinación, a execución e o control das competencias da Comunidade Autónoma en materia de cooperativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego e empresas de inserción e as relacións coas súas organizacións representativas, así como a promoción e o fomento da economía social, sen prexuízo das competencias doutras consellerías en materias relativas ás distintas tipoloxías de entidades.

Concrétase a competencia nun rexistro administrativo competente sobre as sociedades laborais con domicilio na Comunidade Autónoma.

O Rexistro Administrativo de Sociedades Laborais asumirá as funcións seguintes:

- Cualificar, inscribir e certificar actos ou negocios xurídicos das sociedades laborais que deban acceder ao rexistro.
- Remisión de datos ao Ministerio de Traballo e Economía Social.
- Ordenación, tratamento e publicación da información rexistral acumulada.
- Resolver consultas sobre a materia da súa competencia en aplicación da normativa sobre sociedades laborais.

Ademais das funcións rexistrais indicadas, a Subdirección Xeral de Economía Social realiza tamén as funcións seguintes:

- Informar e asesorar en materia de economía social, así como o impulso das relacións entre as empresas de economía social.
- Planificar, xestionar e controlar as axudas ás sociedade laborais.
- Executar os programas de promoción e divulgación das formas de economía social.
- Elaborar estatísticas, realizar e coordinar os estudos sobre empresas de economía social.


Datos estadísticos

Os cadros seguintes reflicten os resultados globais do ano 2023, con expresión de:

- ✓ Actos inscritos, segundo a provincia do domicilio social (sociedades laborais constituídas e sociedades laborais que causaron baixa).
- ✓ Distribución provincial do número de persoas socias, desagregada por sexo e tipo de participación nas sociedades laborais constituídas (persoas socias traballadoras ou de clase xeral).
- ✓ Sociedades laborais constituídas e persoas socias, desagregadas por actividade económica (sección da CNAE 2009), provincias e totais da Comunidade Autónoma.
- ✓ Gráficos de evolución das sociedades laborais constituídas e sociedades laborais que causaron baixa ou foron descualificadas entre os anos 2011 e 2023.

Actos inscritos segundo a provincia do domicilio social. Ano 2023


	Sociedades laborais constituídas	Modificacións estatutarias	Sociedades laborais que causaron baixa	Totais
Galicia	56	18	28	102
A Coruña	6	3	7	16
Lugo	11	5	2	18
Ourense	2	3	3	8
Pontevedra	37	7	16	60



Distribución provincial do número de socios desagregado por sexo e tipo de participación nas sociedades laborais constituídas. Ano 2023

	Totais de socios		Totais de socios por sexo		Socios por tipo de participación			
	Persoas físicas	Persoas xurídicas	Homes	Mulleres	Homes socios traballo	Mulleres socias traballo	Homes socios capital	Mulleres socias capital
A Coruña	17	0	9	8	9	5	0	3
Lugo	24	0	18	6	18	6	0	0
Ourense	6	0	4	2	4	2	0	0
Pontevedra	90	0	58	30	58	30	2	0
Total	137	0	89	46	89	43	2	3


Distribución provincial dos socios por tipo de participación



Distribución provincial dos socios por tipo de participación. Ano 2023


	Homes socios traballo	Mulleres socias traballo	Homes socios capital	Mulleres socias capital
A Coruña	9	5	0	3
Lugo	18	6	0	0
Ourense	4	2	0	0
Pontevedra	56	30	2	0
Total	87	43	2	3

Distribución provincial dos socios por tipo de participación



Sociedades laborais constituídas. Evolución Galicia 2016-2023


	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
A Coruña	7	6	15	8	8	8	1	6
Lugo	1	0	3	2	0	1	2	11
Ourense	3	4	3	2	2	2	2	2
Pontevedra	18	19	24	20	13	17	19	37
Galicia	29	29	45	32	23	28	24	56



Sociedades Laborais que causaron baixa por provincias. Galicia 2016-2023

	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
Galicia	39	101	125	111	38	43	59	28
A Coruña	19	41	50	60	9	13	22	7
Lugo	4	25	15	9	3	6	3	2
Ourense	5	10	10	10	2	3	11	3
Pontevedra	11	25	50	32	24	21	23	16


Sociedades laborais baixas 2016-2023



Sociedades laborais. Modificacións estatutarias. Galicia 2016-2023

	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
A Coruña	12	8	37	22	4	13	7	4
Lugo	3	2	12	1	3	4	6	5
Ourense	0	1	5	3	1	1	1	1
Pontevedra	9	12	26	9	4	8	7	7
Galicia	24	23	80	35	12	26	21	17

Sociedades laborais. Modificacións estatutarias 2016-2023



Sociedades laborais constituídas, segundo a actividade económica, as provincias e o total. Galicia 2023

Actividade	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Núm. de SSLL	Nº de socios	Núm. de SSLL	Nº de socios	Núm. de SSLL	Nº de socios	Núm. de SSLL	Nº de socios	Núm. de SSLL	Nº de socios
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	1	3							1	3
Industrias extractivas										
Industria manufacturera			1	2			2	5	3	7
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado										
Subministración de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación										
Construción	1	4			1	4	4	10	6	18
Comercio por xunto e polo miúdo, reparación de vehículos de motor e motocicletas	2	5	2	4			11	28	15	37
Transporte e almacenamento							2	6	2	6
Hostalería							2	4	2	4
Información e comunicacións			1	2					1	2
Actividades financeiras e de seguros										
Actividades inmobiliarias										
Actividades profesionais, científicas e técnicas			2	6			4	9	6	15
Actividades administrativas e servizos auxiliares			1	2	1	2	3	6	5	10
Administración pública e defensa e seguridade social obrigatoria										
Educación	1	2	1	2			1	2	3	6
Actividades sanitarias e de servizos sociais			1	2			1	2	2	4
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	3	3	2	4			3	6	8	13
Outros servizos							4	10	4	10
Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio										
Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais										
Total	8	17	11	24	2	6	37	88	58	135

Sociedades laborais constituídas, segundo a actividade económica, tipo de participación e sexo. Galicia 2023

Actividade	Núm. de SLL	Total de socios	Socios		Sexo		Persoa xurídica
			De traballo	De capital	Home	Muller	
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	1	3	3		2	1	
Industrias extractivas							
Industria manufactureira	3	7	7		5	2	
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado							
Subministración de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación							
Construción	6	18	16	2	13	5	
Comercio por xunto e polo miúdo, reparación de vehículos de motor e motocicletas	15	37	35	2	26	11	
Transporte e almacenamento	2	6	5	1	3	3	
Hostalería	2	4	4		3	1	
Información e comunicacións	1	2	2		1	1	
Actividades financeiras e de seguros							
Actividades inmobiliarias							
Actividades profesionais, científicas e técnicas	6	15	15		10	5	
Actividades administrativas e servizos auxiliares	5	10	10		7	3	
Administración pública e defensa e seguridade social obrigatoria							
Educación	3	6	6		3	3	
Actividades sanitarias e de servizos sociais	2	4	4		1	3	
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	6	13	13		8	5	
Outros servizos	4	10	10		7	3	
Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio							
Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais							
Total	56	135	130	5	89	46	0

Centros especiais de emprego

Centros especiais de emprego

Os centros especiais de emprego, tal como os define a súa normativa reguladora, son elementos básicos integradores da persoa con discapacidade no mundo laboral e cumpren unha importante función social, ao achegaren oportunidades de emprego para os traballadores con discapacidade.

O obxecto desta actividade é a de coñecer a estrutura e a localización destes centros especiais de emprego constituídos no ano 2023 no ámbito territorial de Galicia, tomando como variables de referencia os seus datos relativos aos centros de traballo e persoal integrado.

Definición

Os centros especiais de emprego son aqueles que realizan un traballo produtivo, participando regularmente nas operacións do mercado, e teñen por finalidade asegurar un emprego remunerado e a prestación dos servizos de axuste persoal e social que requiran os seus traballadores con discapacidade, á vez que son un medio de integración do maior número de persoas con discapacidade ao réxime de traballo normal.

Pola súa vez, os centros especiais de emprego poden ser cualificados como de iniciativa social ou sen ánimo de lucro, sempre que cumpran os requisitos que para iso establece o Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, ou o Decreto 200/2005, do 7 de xullo, polo que se regula a autorización administrativa e a inscrición no Rexistro Administrativo de Centros Especiais de Emprego de Galicia, e a súa organización e funcionamento, respectivamente.

Normativa e organización

As principais funcións que se desenvolven neste campo son a cualificación, inscrición, baixa ou descualificación e certificación da condición de centros especiais de emprego para os efectos administrativos.

Para a súa realización cóntase cun rexistro administrativo que depende da Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social, da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, con competencia sobre os centros especiais de emprego que teñen o seu domicilio social no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Normativa de aplicación

- ✓ Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, texto refundido aprobado polo Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro.
- ✓ Real decreto 1928/1984, do 12 de setembro, sobre traspaso de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia da unidade administradora do Fondo Nacional de Protección ao Traballo.
- ✓ Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
- ✓ Real decreto 2273/1985, do 4 de decembro, polo que se aproba o Regulamento dos centros especiais de emprego definidos no artigo 42 da Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social do minusválido.
- ✓ Decreto 200/2005, do 7 de xullo, polo que se regula a autorización administrativa e a inscrición no Rexistro Administrativo de Centros Especiais de Emprego de Galicia, e a súa organización e funcionamento.
- ✓ Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

Organización

O Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, dispón no seu artigo 43.1.b) que lle corresponde á Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social a planificación, a coordinación, a execución e o control das competencias da Comunidade Autónoma en materia de cooperativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego e empresas de inserción e as relacións coas súas organizacións representativas, así como a promoción e o fomento da economía social, sen prexuízo das competencias doutras consellerías en materias relativas ás distintas tipoloxías de entidades.

O artigo 46.1.a) do Decreto 147/2024 establece que lle corresponde á Subdirección Xeral de Economía Social, baixo a inmediata dependencia xerárquica da persoa titular da Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social, a planificación, a coordinación, a execución e o control das competencias da Comunidade Autónoma en materia de cooperativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego e empresas de inserción e as relacións coas súas organizacións representativas, así como a promoción e o fomento da economía social, sen prexuízo das competencias doutras consellerías en materias relativas ás distintas tipoloxías de entidades.

Correspóndelle á dita subdirección xeral a xestión dun rexistro administrativo no que se inscribirán os centros especiais de emprego existentes en Galicia, así como as súas modificacións e a creación de novos centros de traballo por parte dos centros existentes.

Ademais das funcións rexistradas indicadas, a Subdirección Xeral de Economía Social realiza tamén as seguintes funcións:

- Informar e asesorar en materia de economía social, así como o impulso das relacións entre as empresas de economía social.

- Planificar, xestionar e controlar as axudas aos centros especiais de emprego.
- Executar os programas de promoción e divulgación das formas de economía social.
- Elaborar estatísticas, realizar e coordinar os estudos sobre empresas de economía social.

Datos estadísticos

Nos seguintes cadros estadísticos recóllense os centros especiais de emprego rexistrados no ano 2023 en Galicia, co seguinte detalle:

- Número de centros especiais de emprego, con indicación dos que teñen recoñecido o carácter de “sen ánimo de lucro” e/ou “iniciativa social” e número de centros de traballo.
- Persoas traballadoras coas que se constitúen (homes, mulleres, con discapacidade, sen discapacidade).

Centros especiais de emprego constituídos en Galicia. 2023

Centros especiais de emprego	Centros de traballo	Persoas traballadoras		Persoas con discapacidade		Persoas sen discapacidade	
		Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
7	9	61	18	59	15	2	3

Fonte: Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais.

Centros especiais de emprego constituídos. Ano 2023



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
EMPREGO, COMERCIO
E EMIGRACIÓN